

"Desembolsamos o plástico. Ecoloxizamos O Incio"

Ano: 2012

Baixo este lema, o concello do Incio (Lugo), coa colaboración de Sogama, lanzou unha campaña de concienciación veciñal a través da cal pretende promover a reutilización de bolsas de tea, substituíndo ás de plástico non biodegradable, dados os seus efectos perniciosos sobre o medio ambiente. Trátase dunha iniciativa enmarcada na Lei estatal 22/2011, de Residuos e Solos Contaminados, que contempla entre os seus obxectivos a eliminación, no ano 2018, do 100% das tradicionais bolsas plásticas comerciais, con excepción das que se usen para conter alimentos perecedoiros como peixes e carnes.



Source URL: <http://www.sogama.gal/gl/campanha/desembolsamos-o-plastico-ecoloxizamos-o-incio#comment-0>